

## Mércores 06 de maio, ás 18.30 h

Aula de teatro do campus de Pontevedra, UVigo. Galicia

# *Tartufo*

***De Jean-Baptiste Poquelín «Molière»***
***Traducido por Henrique Harguindey Banet***

**Elenco**
Carol Rufián García, Celeste Cortés Davila, Fernando Huelin Trillo, Fons De Groot Schipper, Francisco Pernas Lorenzo, Jesús A. Gutiérrez Santiago, Joan Manel García, Mabel Fernández Comesaña, Mayka Freire Dapena, Ramón Pastoriza Fariña, Suso Riveiro Bello e Xaime Domínguez Iglesias

Vestiario: Sonia Rúa
Imaxe: Diego Seixo
Música: Pablo Costas
Codirección: Omar Ferrín
Iluminación e dirección: Salvador del Río

**Sinopse**
*Tartufo* é unha das comedias máis representativas de Molière, na que o autor francés desata unha crítica furibunda da hipocrisía da sociedade da súa época.

Tartufo, habilmente disfrazado de honradez e virtude, utiliza a aparencia externa da piedade para introducirse nun apracible fogar burgués e gañarse a confianza do beato cabeza de familia Orgón.

Baixo a súa máscara virtuosa, Tartufo maquinará para colmar a súa ambición, envolvendo toda a familia nunha trama de enredos e enganos.



## Xoves 07 de maio, ás 18.30 h

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ESADg. Vigo. Galicia

# *O tsunami*

***De Marcos Abalde***

**Elenco**
Candela Martinez
Dani Lago
Sandra Zarco

Espazo sonoro: Leo Arremecághona
Dirección, dramaturxia e iluminación: Roberto Vázquez

**Sinopse**
Un home orfo que vive na casa da súa nai comeza a traballar como garda de seguridade das antigas escavadoras da mina de carbón das Pontes. A súa rutina verase alterada pola aparición dun misterioso cervo na beira da lagoa.

*O tsunami* é unha comedia postapocalíptica que parte dun feito real como o proxecto de rexeneración da lagoa das Pontes, na que nos vemos reflectidos como monstros froito dunha sociedade corrupta ao bordo do colapso climático.

Universida de Vigo — Vicerreitoría de Extensión Universitaria — ningures produción

Mostra Internacional de Teatro Universitario · 2026

# 28 MITEU VIGO

Entrada de balde



***Insurrección***
Aula de Teatro do campus de Ourense
09 de abril, 18.30 h.

***Irmás***
Aula de Teatro da USC
16 de abril, 18.30 h.

***Macbett***
Aula de Teatro do campus de Vigo
21 de abril, 18.30 h.

***Encrobas 77: a precuela***
Aula de Teatro da Universidade da Coruña
23 de abril, 18.30 h.

***Los muchachos olvidados de Dios***
Asociación Cultural Anaqueronte, Perú
29 de abril, 17.30 h.

***Tartufo***
Aula de Teatro do campus de Pontevedra
06 de maio, 18.30 h.

***O tsunami***
Grupo de Teatro da ESADG
07 de maio, 18.30 h.

**Abril-maio 2026**
Teatro da Cidade Universitaria
Campus de Vigo

Universida de Vigo — Vicerreitoría de Extensión Universitaria — ningures produción



**Xoves 09 de abril, ás 18.30 h**
Aula de teatro do campus de Ourense.
Grupo Maricastaña 2026, UVigo. Galicia

## *Insurrección*

***Dramaturxia de Fernando Dacosta***
***Inspirada en Rebelión na granxa, de George Orwell***

**Elenco**
Iria Losada, Diego Galdo, Vicki Reinoso, Paula Iglesias, Anabel, Miguel Solanas, Alba Gálvez, Óscar Castromán, Rubén Gómez, Carmen Blanco e Silvia Cortón

Iluminación, atrezzo e técnicos en xira: José Manuel Bayón, Rubén Dobaño
Vestiario e complementos: Tegra e Lele
Cartel e programa: Pablo Otero
Espazo sonoro: Renata Codda Fons
Canción final «A do faro»: Lucía Aldao
Auxiliar de dirección: Chelo Cortiñas
Dramaturxia, escenografía e dirección: Fernando Dacosta

**Sinopse**
Estase a librar a nai das batallas. Non é a primeira vez na historia, aínda que algunha das veces pode ser a derradeira. A loita é, a grandes trazos, entre a utopía e a distopía.

Un grupo de persoas traballadoras está a ser oprimido polo seu xefe. A conciencia vai aflorando nese grupo ata que estoura a insurrección e conseguen facerse co control dos seus medios de traballo e de subsistencia. E haberá algunha posibilidade, nalgún momento, de facer unha nova insurrección?



**Xoves 16 de abril, ás 18.30 h**
Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Galicia

## *Irmás*

***De Pascal Rambert***

**Elenco**
Alba Casás Fuente
Cristina Pérez Amigo

Deseño, iluminación e figurinos: Roberto Salgueiro
Deseño, imaxe, programa: Massfuentes
Asistencia técnica: RTA
Tradución, adaptación e dirección: Roberto Salgueiro

**Sinopse**
Pascal Rambert (1962, Niza), dramaturgo, director de escena e cine, actor e realizador, autor dunha extensa obra dramática, na que destacan títulos como *Clausura de amor, Finlandia, Ensaio, A arte do teatro*. En 2016 recibiu o Premio de Teatro da Academia Francesa ao conxunto da súa obra, caracterizada por unha arriscada experimentación da linguaxe, e constitúe na actualidade unha referencia mundial da escena contemporánea.



**Martes 21 de abril, ás 18.30 h**
Aula de teatro do campus de Vigo, UVigo. Galicia

## *Macbett*

***De Eugène Ionesco***
***Traducido por Henrique Harguindey***

**Elenco**
Antía Pérez, Antón Abal, Azael Durán, Cecilia Jiménez, Juan Diego Comesaña, Laura Pousada, Lidia Gutiérrez, Lola Matamoro, Lucas Campos, Manon Choquart, Miguel Rodríguez, Rosa María Molares, Uxía Fernández e Yerai Orts

Vestiario: Sonia Rúa
Escenografía: Ningures
Música: Miguel R. Carretero e Héctor Pazos
Iluminación: Héctor Pazos
Imaxe: Diego Seixo
Axudante de Dirección: Sonia Salgado
Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa

**Sinopse**
*Macbett* de Eugène Ionesco é unha traxicomedia inspirada en Shakespeare, que satiriza o poder absoluto e a tiranía a través do absurdo. Nesta versión, Macbett e Banco son xenerais traizoeiros que derrocan un rei tiránico, só para que Macbett se converta nun ditador aínda máis brutal e corrupto, caendo en espiral nun asasinato sen sentido.

A obra combina elementos da trama orixinal de Macbeth co estilo de Ubú Rei de Alfred Jarry, amosando a ambición insaciable, a traizón e a tiranía.



**Xoves 23 de abril, ás 18.30 h**
Aula de Teatro da Universidade da Coruña. Galicia

## *Encrobas 77: a precuela*

***De Helena Salgueiro***

**Elenco**
Alexandra Rodríguez
Cristina Merino
Goreti Pazos
Irina Casas
Lucía Casal
Lydia Prada
Óscar Blanco
Paco Fuentes
Valentina Lozano
Xulia Castro

Música: Sofia Gubaidulina, Benxamín Otero, Johann Sebastian Bach, Tom Waits, Thom Yorke e Kim Gordon
Iluminación e escenografía: Helena Salgueiro
Deseño gráfico: Óscar Blanco
Axudantes de produción: Óscar Blanco e Alexandra Rodríguez
Dirección: Helena Salgueiro

**Sinopse**
As veciñas das Encrobas protagonizaron unha das maiores revoltas populares contra o ecocidio do réxime no ano 1977. Nesta alegoría teatral, o corazón da terra e o dunha muller namorada da acción directa latexan ao mesmo ritmo para protexer a vila das Encrobas. Unha peza de teatro épico pola defensa da terra.



**Mércores 29 de abril, ás 17.30 h**
Asociación Cultural Anaqueronte. Perú

## *Los muchachos olvidados de Dios*

***De Javier Valencia Palomino***

**Elenco**
Manuel Guerrero
Lady Gayoso

Dirección: Javier Valencia Palomino

**Sinopse**
*Los muchachos olvidados de Dios* está inspirada nos testemuños dos conflitos internos de Perú, das décadas de 1980 a 2000, onde se contan as historias de varios deles, atrapados entre as forzas da orde por un lado e os grupos terroristas polo outro.

Trátanse estes casos esquecidos e ocultos, moitos dos cales aínda non recibiron xustiza do estado peruano, nin as súas demandas foron escoitadas. Por iso, dámoslles voz e sentimentos a través dunha creación dramática chea de metáforas poéticas e físicas.

É unha obra que transforma a memoria nun acto poético; os intérpretes non representan, senón que presentan.